

GUÍA DOS RÉPTILES DO
PARQUE NATURAL DA
BAIXA LIMIA - SERRA DO
XURÉS

Edita:

Consellería de Medio Ambiente e
Desenvolvemento Sostible

Dirección e realización:

Hermann Schmalenberger

Traballo de campo e redacción:

Marcial Lorenzo Pereira
Hermann Schmalenberger

Maquetación:

María León Castro

Deseño:**Xestec**


Ordenación e Xestión
de Recursos Naturais

Introdución	6
Hábitats	10
Zonas de prospección	12
Distribución por hábitats	14
Actividade	16
Xeneralidades	18
Clave de identificación réptiles	22
Sapoconcho común	26
Escáncer	28
Esgonzo común	30
Esgonzo ibérico	32
Lagarta galega	34
Lagarta das penedas	36
Lagarta rabuda	38
Lagarto arnal	40
Lagarto das silveiras	42
Cobra lagarteira común	44
Cobra lagarteira meridional	46
Cobra de collar	48
Cobra viperina	50
Cobregón	52
Cobra riscada	54
Víbora de seoane	56
Víbora fuciñuda	58
Bibliografía	60
Agradecementos	62

O Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés localízase no extremo suroccidental da provincia de Ourense en contacto pola súa parte sur e suroccidental co Parque Nacional da Peneda-Geres pertencente a Portugal. Ten unha extensión total de 20.920 hectáreas e foi declarado como parque natural mediante o decreto 29/1993 do 11 de febreiro de 1993, declaración necesaria para poder garantir a protección sobre os seus valores naturais, paisaxísticos, arqueolóxicos e etnográficos, únicos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na seguinte guía dispoñémonos a catalogar e describir un grupo zoolóxico que tradicionalmente foi sempre detestado e temido pola inmensa maioría da poboación, pero que agacha un interese extraordinario; os réptiles.

Na **figura número 1** móstrase o mapa de situación do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.



O Parque Natural da Baixa Limia- Serra do Xurés debido á súa localización a cabalo entre as dúas rexións bioclimáticas predominantes na Península Ibérica, a Eurosiberiana, típica do norte de España e Europa e a Mediterránea, presente na metade sur da Península é caracterizada pola benignidade do seu clima.

A zona de contacto destas dúas áreas bioclimáticas que se presenta no parque é un territorio que reúne as características bioxeográficas e climatolóxicas óptimas para albergar especies típicas destas dúas grandes áreas, e na que conflúen as súas áreas de distribución.



Este fenómeno bioxeográfico trae consigo un aumento da biodiversidade no parque case única dentro do conxunto da Península Ibérica e que ademais de verse reflectido en case todos os grupos zoolóxicos e botánicos, acada un punto álxido na herpetofauna.

O coñecemento das especies réptiles presentes no Parque Natural Baixa Limia- Serra do Xurés así como as relacións ecolóxicas entre as diferentes especies, é de vital importancia nun territorio como este no que a biodiversidade deste grupos zoolóxico é, sen lugar a dúbidas, un dos seus máis importantes valores naturais.



O Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés está conformado por unha grande variedade de medios no que predomina por extensión o mato rochoso sobre todo nas áreas máis elevadas. Nos vales e nas proximidades dos ríos aparecen un abano máis amplo de hábitats, sobre todo boscosos e moito mellor conservados.




Figura nº 1

Na **figura nº 2** móstranse os diferentes hábitats cos que traballamos á hora de catalogar os medios máis adecuados para as especies de réptiles presentes no parque.

A mostraxe deste grupo zoolóxico realizouse verán de 2006 ata verán de 2007, cun total de 84 citas obtidas dentro do parque.

A práctica totalidade das especies esperadas dentro do parque foron detectadas durante esta prospección. Sempre que, condicionado pola abundancia dos contactos, foi posible, medíronse certas variables ecolóxicas como selección de hábitat específica e distribucións reais.



A **figura nº 3** mostra mediante cuadrículas coloreadas as zonas de mostraxe de réptiles no Parque Natural Baixa Limia- Serra do Xurés.




Figura nº 3

A prospección realizada perseguíu en todo momento a procura de animais en todos e cada un dos diferentes medios presentes no parque, coa intención de reflectir o máis correctamente a relación entre os diferentes animais e os seus hábitats predilectos.

As especies citadas en cuadrículas de distribución próximas ao Parque, incluídas aquelas que forman parte da fauna de réptiles do Parque Nacional de Peneda-Geres, foron incluídas nesta guía, dada a continuidade do medio entre a Serra do Xurés e o territorio colindante é moi probable que estas especies se podan atopar no Parque Natural de Baixa

As 267 citas do parque natural permiten analizar a aparición diferencial das especies dentro deste territorio. Se ben hai outros factores que poden influír nesta análise, como o tempo de mostraxe en cada tipo de hábitat ou a época do ano na que se realizaron ditas mostraxes, serve para inferir unha idea xeral sobre a aparición das distintas especies nos diferentes medios e a importancia da conservación destes hábitats para a supervivencia de cada unha delas.

Na **figura nº 4** móstrase a relación cuantitativa dos animais atopados nos diferentes hábitats que compoñen o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.




Figura nº 4

A actividade destes animais pódese medir polos diferentes lugares onde se poden atopar durante as mostraxes, xa que este grupo depende directamente da temperatura exterior para realizar a súa vida diaria. Os animais que desenvolven a súa vida dentro da auga poden non depender tan estreitamente das condicións de humidade e temperatura externas xa que o interior da auga mantén as súas características estables na maioría dos casos.



Os animais que viven en contacto directo co medio externo e non dependen da auga como medio de vida, exceptuando nalgúns casos para a reprodución, teñen que adaptar a súa actividade ás condicións de temperatura.

A actividade dos réptiles vese influenciada pola dispoñibilidade de alimento. Especies que explotan recursos tróficos semellantes nun mesmo hábitat poden ser empuxadas a desenvolver a súa actividade en distintos momentos do día. Deste xeito a competencia entre especies atenúase, podendo tolerarse no mesmo espazo físico.

Os réptiles menos conspicuos son aqueles que non precisan de capturar presas tódolos días e poden pasar longos períodos sen inxerir ningún tipo de alimento. Atopar cobras é polo xeral moi complexo xa que presenta reducida actividade ao longo do ano e a maior parte dedícala á procura de parella.



Os réptiles máis doados de observar nunha visita convencional ao parque son as Lagartas, moi activas nas rochas expostas ao sol , e os lagartos, máis esquivos e tímidos pero tamén observables nas datas máis favorables.

Os réptiles non necesitan de sol directo para estar activos; se o día ten unha boa temperatura eles poderán estar activos e saír a buscar ás súas presas.

Dentro dos réptiles da Península Ibérica podemos diferenciar, desde o punto de vista morfolóxico, dous grandes grupos: os quelonios, caracterizados pola posesión dunha cuncha protectora, e os escamosos.

Os representantes deste segundo grupo zoolóxico responden a diferentes planos estruturais.

O primeiro plano estrutural corresponde ao máis común e estendido: os lagartos en sentido amplo. Caracterízanse pola presenza de catro extremidades desenvolvidas en maior ou menor grao.

O segundo dos planos estruturais preséntase nas cobras, cun corpo alongado e carente de extremidades.

Hai que ter en conta que o fenómeno da redución das extremidades produciuse varias veces na historia evolutiva de distintos grupos de escamosos e, aínda que é típico das cobras, evidénciase tamén en diversos tipos de lagartos como no caso dos ánguidos (escáncer) ou dos escíncidos (esgonzos).

A reprodución dos réptiles é interna e pode ter lugar con moita posterioridade á cópula, xa que os espermatozoides poden almacenarse durante longo tempo nos receptáculos seminais da femia. Os réptiles son na súa maioría ovíparos aínda que existen especies ovovivíparas en case tódolos grupos.

O tamaño de posta é variable e vai dende un só ovo, como nalgúñas especies de Lagartas, ata dúzias de ovos nas especies máis grandes. O tempo de incubación depende esencialmente da temperatura ambiental; deste xeito canto máis alta é a temperatura máis curto é dito tempo.


A temperatura ten un importante efecto sobre o desenvolvemento embrionario. Nalgúñas especies de quelonios e escamosos a temperatura ambiental ten un papel moi importante na determinación do sexo dos embrións.



A maioría dos réptiles das nosas latitudes son esencialmente heliotérmicos, de forma que a súa fonte primaria de calor é a radiación solar. Tamén se poden producir perdas ou ganancias térmicas notables a partir do substrato ou do aire circundante. A maioría das actividades, procesos fisiolóxicos e reaccións metabólicas dos réptiles son dependentes da temperatura de forma que a termorregulación convértese nun dos eixos ao redor dos cales xira a súa vida. Os hábitats seleccionados, os ritmos diarios e estacións de actividade ou as estratexias de obtención de alimento atópanse polo tanto moi influídos, ou por completo gobernados, pola necesidade dunha eficaz termorregulación



O comportamento social de quelonios e escamosos é menos complexo que o observado noutros grupos como os crocodilos. Con todo, en moitas especies aparecen xerarquías de dominio ou de defensa territorial. En tales interaccións adóitanse utilizar sinais similares aos empregados durante o recoñecemento sexual no cortexo. Tales sinais poden ser substancias químicas, as denominadas feromonas ou sinais visuais.



Moitos réptiles, ata nas latitudes tépedas, permanecen activos durante todo o ano, debido á súa capacidade termorreguladora. A maioría son diúrnos, pero a actividade nocturna é observable esporadicamente no caso dos lacértidos e outros grupos. As cobras tamén poden mostrar hábitos crepusculares ou completamente nocturnos

Clave de identificación de Réptiles

1.- Con patas _____ 2


1.- Sen patas _____ 3

2.- Con cuncha _____ *Emys orbicularis*

2.- Sen cuncha _____ 4

3.- Cabeza diferenciada, unha soa ringleira
de escamas ventrais _____ 5

3.- Cabeza pouco diferenciada, varias ringleiras
de escamas ventrais _____ *Anguis fragilis*



4.- Patas ben desenvolvidas, unha soa ringleira
de escamas ventrais _____ 6

4.- Patas vestixiais, varias ringleiras de escamas ventrais _____ 7

5.- Ollos de pupila redondeada, coas escamas da cabeza
ben diferenciadas a modo de esca-
mas _____ 8

5.- Ollos de pupila sesgada, escamas da cabeza
pequenas como no resto do cor po _____ 9

6.- Cabeza grande e robusta con placas grandes e ben
diferenciadas _____ 10

6.- Sen estas características _____ 11

7.- Con tres dedos nas patas _____ *Chalcides striatus*

7.- Con cinco dedos nas patas _____ *Chalcides bedriagai*



8.- Placa supraocular saída a modo de cella e fusiño apuntado
_____ *Malpolon monspessulanus*

8.- Sen estas características _____ 12

9.- Fusiño levantado e formado por entre 3 e 8 escamas
_____ *Vipera latasti*

9.- Fusiño redondeado e pouco dirixido
cara arriba _____ *Vipera seoanei*

10.-Lagarto moi robusto con fortes patas e unha
cola que pode ser ata dúas veces
a lonxitude do seu cor-
po _____ *Timon lepidus*

10.- Lagarto de cabeza mediana de corte trapezoidal, escamas
da gorxa redondeadas _____ *Lacerta schreiberi*

11.- Escamas carenadas	<i>Psammodromus algirus</i>
11.- Escamas non carenadas	13
12.- Corpo percorrido por dúas liñas lonxitudinais escuras unidas ou non por barras transversais	<i>Rhinechis scalaris</i>
12.- Sen estas características	14
13.- Gorxa sen puntos escuros ou escasos relictos os laterais da mesma	<i>Podarcis hispanica</i>
13.- Gorxa cun profundo punteado escuro en toda a súa superficie	<i>Podarcis bocagei</i>
14.- Banda escura que vai dende o pescozo ata o ollo	15
14.- Escamas aquilladas	16
15.- Parte ventral de cor grisácea uniforme	<i>Coronella austriaca</i>
15.- Parte ventral de deseño axadrezado	<i>Coronella girondica</i>
16.- Deseño dorsal manchado xeralmente en zigzag	<i>Natrix maura</i>
16.- Deseño dorsal liso, sen debuxo	<i>Natrix natrix</i>



Especie: *Emys orbicularis*

Descrición:

A súa cuncha non supera os 250 mm de lonxitude, de contorno ovoidal en vista dorsal. As placas da cabeza son pouco aparentes polo que lle confiren un aspecto liso, patas robustas con escamas grandes e vistosas, uñas. Presenta membranas interdixitais. O dorso da cuncha é escura e con manchas pequenas amarelas que poden fundirse entre si dando lugar a un deseño radial en cada placa dorsal.



Hábitat:


Pode aparecer nunha ampla gama de masas de auga como pantanos, encoros, ríos, estuarios e arroyos lentos pero sempre con masas de vexetación nas ribeiras.

Bioloxía:

Poden sufrir períodos de hibernación máis ou menos prolongados nas zonas máis frías da súa área de distribución. Despois deste período comeza a época de celo que se mantén durante toda a primavera. Tras as cópulas as femias fan un buraco nas proximidades da masa de auga e enterran os ovos que tardan entre 8 e 13 semanas en eclosionar. Parece que as temperaturas ambientais externas poden determinar os sexos dos neonatos. A alimentación destes réptiles esta constituída principalmente de larvas e adultos de anfibios, pequenos peixes, caracois, restos vexetais e incluso carnaza.

Status e ameazas:

É o réptil máis ameazado de todos os anfibios e os réptiles presentes en Galicia. No parque parece estar presente nun lugar moi localizado.



Especie: *Anguis fragilis*

Descrición:

Saurio sen patas con aspecto de cobra, co corpo alongado e de sección cilíndrica. Cabeza pouco diferenciada do resto do corpo, que non soe acadar máis de 22 cm de lonxitude cabeza-corpo. Escamas lisas e brillantes, cor de fondo parda, ocre ou cincenta, en ocasións pode presentar tons dourados cunha liña vertebral escura.



Hábitat:

Ten unhas preferencias de hábitat anormais para un réptil xa que lle gustan os lugares húmidos e frescos con abundosa cobertura vexetal de baixo porte e de carácter herbáceo.


Moi común nos prados húmidos con valados abundantes e presenza de fentos e silvas. Non lle gustan os lugares áridos e secos e soe buscar refuxio debaixo de pedras e troncos.

Bioloxía:

É unha especie de hábitos hidrófilos e nocturnos que centra a súa actividade anual de marzo-abril ata outubro, mes no que entra no seu período de hibernación. O período de celo comeza xusto despois do seu despertar invernal, os escánceres son ovovivíparos e paren as súas crías ao redor de agosto. A súa dieta esta constituída por artrópodos varios como insectos, arañas,etc. ademais de caracois, babosas e miñocas.

Status e ameazas:

É unha especie moi abundante en toda a súa area de distribución se ben pode escasear en zonas máis secas. Non parece sufrir ningún tipo de ameaza significativa.



Especie:

Chalcides striatus

Descrición:

Esgonzo moi alongado que pode acadar 210 mm de lonxitude cabeza-corpo. A súa semellanza cunha cobra é patente debido ao seu longo corpo, patas moi reducidas con tres dedos e escaso grosor; fusiño romo e cabeza pouco diferenciada do corpo. Escamas lisas e brillantes cunha coloración xeral pouco variable e que consta dun dorso de cores pardas máis ou menos intensas recuberto por liñas lonxitudinais de cor escura.



Hábitat:

Gústalle os lugares secos e abertos, as zonas abertas moi expostas con prados, vexetación herbácea e mato.


A erosión e seca que producen os incendios así como a proliferación de arbustos de baixo porte fano unha especie colonizadora e fácil de atopar en zonas degradadas polo lume.

Bioloxía:

De actividade diúrna principalmente, nos días máis calorosos do verán poden adoptar unha actividade bimodal estando activos nas primeiras e últimas horas do día cando as temperaturas son máis suaves. O seu letargo invernal soe estenderse entre outubro e febreiro e a súa época de celo entre marzo e xuño. A súa alimentación consta de insectos (escaravellos, grilos, moscas,etc..) arañas e babosas.

Status e ameazas:

Común nas ladeiras máis expostas e soleadas e nas zonas degradadas pola acción do lume, moito máis abundante en zonas cálidas.



Especie: *Chalcides bedriagai*

Descrición:

Esgonzo pequeno que non supera os 170 mm de lonxitude total, cabeza pequena e curta e pouco diferenciada do resto do corpo, tronco de sección circular e aplanada dorsoventralmente, de escamas grandes e lisas, moi brillantes.

Extremidades moi reducidas con cinco dedos cada un. Cola de lonxitude igual á de cabeza-corpo. A súa coloración dorsal pode ser parda, olivácea, crema ou verde oliva con dúas bandas escuras no lateral do corpo. Poden aparecer tonalidades claras nas escamas que se estenden por debaixo do seu labio inferior e no fusiño así como en toda a superficie do seu ventre.



Hábitat:


Especie moi ligada aos areais costeiros no resto de Galicia. Aínda que a peculiaridade do seu hábitat contrasta coas características físicas do parque, a súa presenza nel ten que ser moi localizada e escasa. Existen citas neste territorio.

Biología:

Especie de hábitos diúrnos. Pode pasar por un período de hibernación de novembro a marzo nas zonas máis continentais da súa área de distribución. A súa época de celo ten lugar entre marzo e xuño. É unha especie ovovivípara polo que despois dunha xestación que dura ao redor de 78 días os partos suceden a principios do verán. A súa alimentación céntrase fundamentalmente en todo tipo de artrópodos (arañas, escaravellos, chinches, cochinillas, etc.) segundo a súa dispoñibilidade.

Status e ameazas:

Especie moi localizada e escasa pola destrución dos seus hábitats. Neste momento a súa ameaza é máis grave.



Especie:

Podarcis bocagei

Descrición:

Lagarta robusta de cabeza alta e relativamente curta que fai un arco convexo en vista lateral. O dorso está manchado de negro sobre fondo pardo ou verdoso, as zonas dorsolaterais son verdes ou amareladas, con bordes nítidos e irregulares.

A gorxa soe estar salpicada de pequenas manchas negras. O seu ventre pode presentar tons crema, branco sucio ou amarelado. En moitos individuos aparecen manchas negras distribuídas nos extremos laterais das escamas ventrais.



Hábitat:

Ocupa unha gran variedade de hábitats, incluso aqueles máis antropizados. É frecuente nos muros das casas. Está adaptada a ambientes húmidos e frescos. Ocupa dende areais ata mato de uces nas zonas de media e alta montaña. Aparece tamén nas zonas despexadas de vexetación, noiros, foxos e valados de camiños.


Bioloxía:

Nas comarcas costeiras máis tépedas pode estar activa todo o ano, aínda que soe cesar toda actividade dende novembro a xaneiro. Poden chegar a facer ata catro postas no mesmo ano debido ao seu dilatado período de cópula. É unha especie insectívora; a súa dieta está composta case exclusivamente por escaravellos, arañas e chinches.

Status e ameazas:

En xeneral é unha especie abundosa e común dentro de Galicia, aínda que a destrución dos hábitats e os incendios forestais poden ser factores de regresión importantes. Os recheos con cemento de muros de pedra vellos fan desaparecer tamén moitas poboacións.

Lagarta das penedas



Especie:

Podarcis hispanica

Descrición:

Lagarta de aspecto xeralmente esvelto e tamaño notablemente variable, entre 3,7 e 7 cm de lonxitude cabeza-corpo. Cabeza plana coas órbitas oculares sobresaíndo por enriba da mesma. O dorso ten tons pardos ou verde intenso con manchas dorsais negruzcas dispersas.



Ás veces aparecen manchas escuras dorsais que forman unha liña vertebral. O ventre de fondo branco ou amarelado, pode carecer de manchas escuras. A gorxa carece de manchas escuras.

De aparecer, estas só se dispoñen na zona ventral xerando dúas ringleiras laterais. Nalgúns individuos o ventre pode ser de cor vermella ladrillo incluso fóra da época de celo.

Hábitat:

Ocupa unha ampla variedade de hábitats que, en xeral, están ligados a substratos rochosos. Esta é a especie máis rupícola de todos os lacértidos galegos. As zonas abertas e pedregosas de mato (*Ulex*, *Cystus*, *Erica*, etc.) ben expostas ao sol son as súas preferidas debido á súa forte termofilia.


Bioloxía:

Pode estar activa case todo o ano mentres as temperaturas non sexan inferiores aos 13°C . Durante o inverno refúxiase nas fendas das pedras. A súa época de maior actividade é a primavera onde se desenvolve o seu celo e as cópulas.

Non é unha especie moi lonxeva e non soe sobrepasar os 3 anos de vida. A Lagarta das penedas é insectívora e aliméntase de presas de pequeno tamaño, como moscas e mosquitos, chinches, arañas e escaravellos.

Status e ameazas:

É común no parque e en lugares de hábitat favorable pode chegar a ser moi abundosa.



Especie:

Psammodromus algirus

Descrición:

Lagarta de mediano tamaño que alcanza ata os 9,3 cm cabeza-corpo e ata os 23 cm de cola. Cabeza alta e de aspecto robusto. Dorso e laterais de cor parda ou verdosa con dúas liñas laterais nítidas e de tons amarelados. O ventre soe carecer de coloración con tons brancos ou crema.

Nas axilas dos machos pódense observar dunha a nove manchas azuis. O macho en celo presenta a cabeza fortemente pigmentada de cor vermella.



Hábitat:


É a Lagarta máis típica das formacións en mato e bosques mediterráneos, onde ocupa lugares con follas no mato baixo. É moi termófila polo que ocupa as zonas máis cálidas e abrigadas, como as ladeiras de solana. Tamén aparece no límite superior dos areais costeiros. É moi boa agabeadora e pódese atopar empolicada a árbores e arbustos.

Bioloxía:

Esta Lagarta ten unha lonxevidade curta e soe alcanzar de 5 a 7 anos en liberdade. Acada a madurez sexual o primeiro ou segundo ano de vida. A súa época máis activa soe ser de abril a maio coincidindo co celo. Lagarta basicamente insectívora, ten unha dieta extremadamente variada na que predominan as presas terrestres como os escaravellos, saltóns, arañas, formigas ou pseudoescorpións, esporadicamente pode depredar sobre Lagartas doutras especies ou da propia. Tamén consume vexetais e sementes.

Status e ameazas:

É localmente abundante dentro do parque ao ter ladeiras cálidas, resgardadas e con mato baixo. Os incendios forestais afectan negativamente ás súas poboacións.



Especie: *Timon lepidus*

Descrición:

É o lagarto máis grande que se pode atopar en Galicia e en toda a Península Ibérica, pode alcanzar os 26 cm de lonxitude cabeza- corpo. Cabeza rechamante, grande e robusta co corpo cilíndrico de fortes patas, a súa cola é moi longa podendo acadar dúas veces a lonxitude do seu corpo.

O seu dorso é verde ou amarelado cun xaspeado escuro. No seu franco presenta tres ou catro filas de manchas azuis ou “ocelos”. O seu ventre ten normalmente unha cor branca ou amarelada uniforme.



Hábitat:


Vive nunha variedade grande de hábitats, dende cantís, ladeiras rochosas ou zonas de dunas ata bosques de repoboación, fragas ou campos de labor. É un animal lapidícola polo que sente preferencia polas zonas rochosas expostas ao sol onde pode atopar refuxio. Tamén poden servirlle de refuxio as zonas con toxeirás (*Ulex sp.*) ou silveiras (*Rubus sp.*)

Bioloxía:

Nos meses do verán máis calorosos pasa por un período de inactividade nas horas centrais do día, utilizando como refuxio galerías de outros animais ou buracos escavados por eles mesmos. Soe pasar por un período de hibernación ata nas zonas máis quentes da súa área de distribución, que soe ser de outubro a marzo. Durante a época de celo que coincide coa primavera vólvense moi territoriais expulsando aos seus competidores a trabadas

Status e ameazas:

É un réptil moi abondoso na nosa comunidade especialmente nas zonas costeiras máis secas e abrigadas. Parece que as terras queimadas e a aridez derivada deles afecta positivamente ás súas poboacións.



Especie:

Lacerta schreiberi

Descrición:

Lagarto de tamaño medio que alcanza ata 13,5 cm de lonxitude cabeza-corpo. Tanto a cabeza como o corpo son robustos. A súa cola pode acadar dúas veces a lonxitude do corpo. Seu dorso é moi variable, dende un reticulado fino de pequenos puntos verdes e negros uniformemente distribuídos, ata un fondo verdoso ou pardo sobre o que se estenden grandes manchas negruzcas.



Hábitat:

É unha especie moi ligada a ambientes húmidos, soe aparecer preferentemente en áreas abertas de fragas ou outros tipos de bosques, soutos, valados e sebes en prados e campos de labor sobre todo onde aparecen silveiras (*Rubus sp.*) e matos de uces (*Calluna*, *Erica*, etc...)

Bioloxía:


En Galicia non presenta unha dependencia tan clara polos cursos de auga coma noutras poboacións máis secas debido á alta humidade relativa da nosa comunidade. Os machos comezan a súa actividade ata un mes antes que as femias. O seu período de hibernación soe estenderse dende outubro ata marzo. Os machos na época de celo presentan unha forte coloración azul na cabeza.

Aliméntanse principalmente de insectos, moscas e mosquitos preferentemente. Aínda que se atoparon variacións estacionais, púidose observar unha preferencia polos escarvellos na primavera e polos saltóns no verán.

Status e ameazas:

En Galicia aparece ben distribuído e é abundoso, aínda que os incendios e a desertización que os acompaña parece afectarlles negativamente a favor de *Timon lepidus*.

Cobra lagarteira común



Especie:

Coronella austriaca

Descrición:

É unha cobra bastante común, de pequeno tamaño, que raramente supera os 70 cm de lonxitude total. Cabeza pequena, pouco diferenciada do corpo e ollos pequenos de pupilas redondas. Presenta normalmente unha cor de fondo gris-plateada cuberta por manchas escuras.

A escama rostral, a que forma o fusiño, é triangular coa punta entrando en forma de cuña nas supranasais. Presenta coma a súa coxenérica un típico anteface que sae do orificio nasal e alcanza o pescozo pasando pola parte inferior do ollo.



Hábitat:

É unha especie que prefire zonas frescas e húmidas, como fragas non moi mestas, acumulacións rochosas ao lado de silveiras (*Rubus sp.*) ou campos de labor.

Aparece preferentemente en zonas de mato con toxo (*Ulex sp.*), queiroas (*Erica sp.*) e xarais; se convive en simpatría coa súa coxenérica elixe ambientes menos cálidos como as ladeiras de sombría.

Bioloxía:


Especie moi lapidícola, ten unha actividade principalmente diúrna. Ten un ciclo reprodutivo bienal con dous períodos de celo, un en primavera e outro en outono. Hiberna habitualmente de outubro a marzo.

O 85% da súa dieta, ao igual que a súa coxenérica, está composta por saurios aínda que tamén poden depredar sobre micromamíferos e artrópodos.

Status e ameazas:

Especie moi abundante e común no norte de Galicia. Aínda que nas provincias de Pontevedra e Ourense ten hábitos mais montanos e as súas poboacións son menores.

Cobra lagarteira meridional



Especie:

Coronella girondica

Descrición:

Cobra pequena que non soe superar os 70-75 cm de lonxitude total. De todos os xeitos acada lonxitudes superiores á súa coxenérica *Coronella austriaca*.

Moi semellante a esta última, poden diferenciarse polo seu deseño ventral no que *Coronella girondica* presenta o típico axadrezado escuro sobre fondo claro mentres que en *Coronella austriaca* soe ser dunha cor uniforme. Dorsalmente presenta unha cor de base parda-ocre con manchas negras e un característico anteface negro que vai dende as fosas nasais ata a base da cabeza pasando pola parte inferior do ollo.



Hábitat:

Presente en bosques tanto de carácter caducifolio, piñeirais ou mato de toxo (*Ulex sp*) e xestas (*Genista sp*) pero sempre con acumulación de pedras que lle serven de refuxio. Pode presentarse tamén nos muros vellos de pedra preto a campos de cultivos. Especie de carácter lapidícola que aparece en zonas con grande exposición ao sol, dada a súa natureza termófila.


Bioloxía:

É unha especie de hábitos crepusculares ou nocturnos, máis ben lenta. Pasa o día debaixo de pedras expostas ao sol. O seu ciclo anual é de marzo a novembro podendo reducirse en zonas máis frías.

Aliméntase case exclusivamente de Saurios (lagartos, Lagartas, cegos e esgonzos) aínda que tamén pode predar sobre micromamíferos.

Status e ameazas:

É unha especie abundante e común dentro da súa área de distribución. Vese favorecida polos incendios e a erosión dos montes en Galicia, como todas as especies mediterráneas, ao incrementar a aridez do solo.



Especie:

Natrix natrix

Descrición:

Cobra de tamaño medio (100-120 cm) con cabeza grande e ben diferenciada e fusiño redondeado. A súa cor pode ser moi variable, de parda a azul-verdosa no dorso salpicada con pequenas manchas escuras. Na zona ventral presenta unhas manchas negras sobre fondo claro en disposición normalmente axadrezada. De ollos grandes, a cor do iris soe se vermella ou alaranxada. Os xuvenís presentan unha mancha branquecina na parte posterior da cabeza en forma de colar.



Hábitat:

Soe presentarse asociada a masas de auga, ríos ou regatos aínda que non tan estritamente como a súa especie coxenérica *Natrix maura*. Pode aparecer en case todo tipo de hábitats, ambientes antropizados, prados húmidos, fragas caducifolios, piñeirais abertos ou campos de labor.


Bioloxía:

É unha cobra fundamentalmente diúrna, aínda que no verán pode ter unha actividade bimodal. Presenta dous períodos de celo, un en primavera e outro en outono, aínda que este último non é seguido por gran parte dos individuos. Durante estas épocas os animais teñen máis mobilidade e son máis doados de ver.

Hibernan dende mediados de novembro ata finais de febreiro. A súa alimentación consta principalmente de anfibios aínda que tamén pode alimentarse de peixes, artrópodos ou pequenos mamíferos.

Status e ameazas:

É unha especie abundante e moi común en toda Galicia. As principais ameazas que sofre despréndense da contaminación dos acuíferos polos fitosanitarios utilizados nas labores agrícolas.



Especie:

Natrix maura

Descrición:

Cobra pequena que non soe superar os 65-70 cm de lonxitude total. Cabeza diferenciada con ollos grandes e de pupila redondeada. A súa cor dorsal é moi variable e normalmente tenta imitar o deseño das víboras (de aí o seu nome común), de base parda ou ocre con manchas escuras e incluso amarelas. No ventre presenta un deseño típico axadrezado escuro sobre fondo claro.



Hábitat:

A súa forma de vida está estritamente ligada ao medio acuático, polo que parece ligada sempre a masas de auga como ríos, regatos ou encoros.

Non semella ser moi esixente co tipo de vexetación circundante aínda que prefere zonas de mato con pedras onde agocharse.


Bioloxía:

Pode pasar mergullada ata 15 minutos e é unha excelente nadadora. Presenta un período de hibernación entre novembro e marzo, aínda que pode saír a solearse durante os días tépedos do seu período de inactividade. Ten dous períodos de celo, un en primavera e outro en outono. O último, como pasaba con *Natrix natrix*, non é seguido por todos os individuos.

Aliméntase principalmente de pequenos peixes, anfibios (larvas e adultos), artrópodos acuáticos e moi ocasionalmente de pequenos micromamíferos.

Status e ameazas:

É un ofidio moi común e abundante aínda que os problemas ocasionados nos acuíferos polos fitosanitarios empregados nos campos están afectando ás súas poboacións.



Especie:

Malpolon monspessulanus

Descrición:

É a cobra máis grande que se pode atopar en Galicia podendo acadar máis de 200 cm de lonxitude total. Os adultos son moi robustos, rápidos e áxiles. Presentan uns ollos grandes cunhas placas supraoculares prominentes a modo de células que lle confiren un aspecto agresivo.

Ten unha cabeza puntiaguda e robusta. Os adultos poden presentar cores pardo-verdosas e unha zona escurecida a modo de cadeira de montar, no caso dos machos, na metade proximal do animal.



Hábitat:

Cobra típica de borde de matos, valados con vexetación, silveiras (*Rubus sp.*), viñas, etc.


Necesita zonas con bos refuxios (pedras, muros vellos, acumulacións de silveiras, troncos, etc.) e con lugares claros onde poder solearse.

Biología:

Especie diúrna que pode adoptar hábitos crepusculares na época estival ou nas zonas menos frías. Hiberna entre finais de outubro e principios de marzo. Caza activamente mediante a vista principalmente. Na súa alimentación inclúense case tódolos grupos zoolóxicos, dende réptiles de todo tipo ata mamíferos como o coello, rata, rato, topillo, etc. pasando polas aves adultas, polos ou ben ovos.

Status e ameazas:

Localmente abundante e frecuente en toda a área de distribución galega. O seu costume de solearse sobre o asfalto das estradas provoca unha alta taxa de mortalidade nesta especie.



Especie:

Rhinechis scalaris

Descrición:

Cobra grande cunha lonxitude fuciño-cloaca media de 72 cm e cunha cola relativamente curta .Cabeza algo pequena, con fusiño agudo que excede claramente o extremo anterior da mandíbula inferior.

Cor de fondo amarelado, con deseño de manchas dorsais en escada nos animais pequenos e dúas liñas dorsais lonxitudinais e paralelas nos exemplares de maior tamaño.



Hábitat:

É un ofidio bastante termófilo que en xeral prefire áreas despexadas con mato, lindeiros de bosques e cultivos. Prefire os biótopos en mosaico onde abundan as súas presas habituais. Ocupa tamén matos en ladeiras orientadas ao sur ben soleadas, dispersas e con rochedos.

Bioloxía:

Tanto de hábitos nocturnos como diúrnos é unha especie moi termófila e no inverno soe realizar unha larga hibernación. É ovípara e realiza as cópulas na primavera tardía, despois da cal realiza unha posta de poucos ovos pero grandes. A base da súa dieta son os vertebrados de sangue quente entre os cales os micromamíferos representan case o 95% da súa dieta. É un cazador activo que busca as súas presas ao atardecer ou a primeiras horas da noite. Boa agabeadora, tamén depreda sobre niños de aves.

Status e ameazas

É unha especie relativamente pouco frecuente na súa área de distribución dentro de Galicia aínda que é localmente abundante nas zonas máis ao sur das provincias de Pontevedra e Ourense. Esta especie tamén ve reducidos seus efectivos por mor dos atropelos.

Especie: *Vipera seoanei*

Descrición:

Especie de pequeno tamaño, de corpo grosa e cola curta que normalmente alcanza entre 45 e 50 cm de lonxitude total. Cabeza ben definida de contorno triangular a romboidal, fusiño plano ou lixeiramente levantado só no extremo con dúas escamas apicais. Corpo recuberto de escamas carenadas, soe presentar unha cor de fondo beige, marrón claro ou parda. O deseño de manchas escuras pode formar barras transversais ou un zigzag. Ollos rasgados tipo “gato”.



Hábitat:

Pode aparecer en todo tipo de hábitats en Galicia dende prados húmidos, dunas costeiras, brañas ou campos de labor ata lindeiros de fragas, piñeirais ou matos (*Ulex Sp.*, *Erica sp.*).

Na nosa comunidade parece que é máis frecuente en zonas de humidade elevada. Gústalle moito as acumulacións de pedras cubertas por vexetación.


Bioloxía:

É unha especie completamente diúrna e pode ficar inactiva nas horas máis quentes do día pasando a ter unha actividade bimodal. Experimenta un período de hibernación dende finais de outubro ata febreiro ou marzo, aínda que se poden ver exemplares activos durante os días máis benignos do período de hibernación. Soen reproducirse durante anos alternos. A súa dieta está composta fundamentalmente (83%) de micromamíferos. Os réptiles, anfibios e as aves compoñen o resto da súa dieta.

A competencia coa outra especie de víbora pode que afecte á súa distribución no parque, sobre todo nas cotas máis altas.

Status e ameazas:

Especie común e abundante en toda a rexión. Máis rara no sur de Pontevedra e Ourense. A persecución directa por parte do home ademais da queima do mato para o mantemento dos pastos son a súa principal ameaza.



Especie:

Vipera latasti

Descrición:

Non supera os 70 cm de lonxitude total. Ten unha cabeza ben definida e moi ensanchada posteriormente. O fusiño pode estar composto de tres a sete escamas apicais e é moi prominente. O seu corpo é relativamente groso e está tapizado por escamas carenadas. Presenta unha cola relativamente curta.

A cor de fondo é gris ou cincenta e o seu deseño dorsal componse de manchas romboides e consecutivas que forman un zigzag; na parte posterior da cabeza ten dúas bandas escuras que forman unha “V”.



Hábitat:

Especie de carácter mediterráneo que necesita de lugares con boa insolación. O Xurés xunto cos montes do Invernadoiro son os dous únicos lugares onde se pode atopar esta especie en Galicia. Nestas zonas ocupa áreas de montaña con mato bastante aberto de ladeiras normalmente orientadas ao sur.

Bioloxía:

O seu período de hibernación pode ser moi variable dependendo da altitude e da latitude que ocupe. No norte pode ser desde finais de outubro ata marzo. É unha especie principalmente diúrna que tamén pode presentar unha actividade crepuscular nos lugares máis cálidos. A súa dieta está composta fundamentalmente por micromamíferos aínda que non en proporcións tan grandes como no caso de *Vipera seoanei*. Pode depredar sobre todo o rango de réptiles cos que convive, ademais de anfibios e en menor medida, aves.

Status e ameazas:

É o ofidio galego máis escaso, debido á súa pequena área de distribución dentro de Galicia. No Xures é unha especie que aparece con relativa facilidade nos hábitats montanos adecuados. A perda do seu hábitat e a persecución directa por parte do home son as súas principais ameazas.

1.- Juan Manuel Pleguezuelos, 1997. **Distribución y biogeografía de los anfibios y reptiles de España y Portugal**; Universidad de Granada

2.- Luis Javier Barbadillo et al, 1999. **Anfibios y reptiles de la Península Ibérica, Baleares y Canarias**; Ediciones Planeta

3.- Pedro Galán Regalado y Gustavo Fernández Arias, 1993. **Anfibios y reptiles de Galicia**; Editorial Xerais

4.- Pedro Galán Regalado, 1999. **Conservación de la herpetofauna gallega**; Universidade da Coruña

5.-Salvador, A.(Coordinador).1997. **Reptiles. En: Fauna Ibérica, vol.10**. Ramos M.A. et al.(Eds). Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid. 705pp.

O noso máis afectuoso agradecemento ao Dr. Jose Carlos Alcobia Rogado de Brito do centro de Investigación en Biodiversidade e Recursos Genéticos (CIBIO) de O Porto, por cedernos multitude de citas do parque natural e da súa zona de contacto co Parque Nacional de Peneda-Geres, moi útiles á hora de inferir as especies presentes no parque.

